



"A QUEIMADA"

CONXURO

Mouchos, coruñas, sapos e bruxas.
Demos, trasgos e diaños,
espiritos das nevoadas veigas.

Corvos, pintigas e meigas,
feitizos das menciñeiras.
Podres cañotas furadas.

Fogar dos vermes e alimañas.
Lume das Santas Compañas,
mal de ollo, negros meigallos,
cheiro dos mortos, tronos e raios.
Oubeo do can, pregón da morte;
fuciño do sátiro e pe do coello.
Pecadora lingua de mala mulller
casada cun home vello.

Averno de Satán e Belcebú,
lume dos cadavres ardentes,
corpos mutilados dos indecentes,
peidos dos infernales cús,
muxido da mar embravecida.

Barriga inútil da mulller solteira,
falar dos gatos que andan a xaneira,
guedella porca da cabra mal parida.

Con este fol levantarei
as chamas deste lume
que asemella ao do Inferno,
e fuxirán as bruxas
a cabalo das suas escabas,
indose bañar na praia
das areas gordas,
i oide, oide ! os ruxidos
que dan as que non poden
deixar de queimarse no agoardente
quedando asi purificadas.
E cando esta brebaxe
baixe polas nosas gorgas,
quedaremos libres dos males
da nosa ialma e de todo embruxamento.

Forzas do ar, terra, mar e lume,
a vos fago esta chamada:
si é verdade que tedes máis poder
que a humana xente,
eiqui e agora, facede que os espiritos
dos amigos que están fora,
participen con nos desta Queimada.